

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: PROCEDEMENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS ABANDONADOS RETIRADOS POLO CONCELLO E DEPOSITADOS NO DEPÓSITO MUNICIPAL DE LUGO.

Sendo as 13,00 horas do día 20 de xuño de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais:

- Dona Esther Muñoz Mella, polo grupo municipal do P.S de Galicia-PSOE,
- Don Ángel Trabada Gómez polo grupo municipal do Partido Popular.
- Dona Cristina Ferreiro López, polo grupo municipal do BNG.
- Dona Elva Anido Anido, Xefa de Servizo de Intervención.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo, pola Asesoría Xurídica.
- Dona Ana Tabarés Martínez, Técnico do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretaria.

Asiste así mesmo don José Manuel Márquez, da empresa Desguaces Herbón, S.L.U.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procédese por parte da Sra. Secretaria a informar que as empresas ás que se lles había concedido un prazo de tres días hábiles para subsanar a documentación administrativa, xa o fixeron, polo que todas as empresas presentadas son admitidas á licitación.

De seguido procédese á apertura das ofertas económicas das diferentes empresas, sendo o seu resultado o seguinte:

EMPRESAS	IMPORTE OFERTADO
DESGUACES HERBÓN, S.L.U.	21.100 €
HERMANOS VILA E BAGARÍA, S.R.L.	11.556 €
DESGUACES HERRÁN, S.L.	12.505 €
JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO	15.020 €
DESGUACES CEAO, S.L.	12.450 €

A continuación procedeuse á valoración das ofertas, tendo en conta o sinalado na cláusula décimo primeira do prego de cláusulas administrativas particulares que sinala *“valorarase coa máxima puntuación (10 puntos) a oferta de maior prezo a aboar ó Concello para a totalidade dos vehículos e que supere o mínimo*

CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.

MLA/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION OFERTAS ECONOMICAS VEHICULOS
ABANDONADOS.doc

Asunto:

establecido, obterán 0 puntos os que oferten o prezo de licitación (10.490 euros) e as restantes ofertas de modo proporcional”, quedando do seguinte xeito:

EMPRESAS	IMPORTE OFERTADO	PUNTUACIÓN
DESGUACES HERBÓN, S.L.U.	21.100 €	10 puntos.
HERMANOS VILA E BAGARÍA, S.R.L.	11.556 €	5,48 puntos.
DESGUACES HERRÁN, S.L.	12.505 €	5,93 puntos.
JOSÉ LUIS LORENZO PENIDO	15.020 €	7,12 puntos.
DESGUACES CEAO, S.L.	12.450 €	5,90 puntos.

Á vista do exposto, os membros da Mesa de Contratación, por unanimidade, propoñen a adxudicación á empresa DESGUACES HERBÓN, S.L.U., na cantidade de 21.100 €

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

A SECRETARIA

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Ana Tabarés Martínez